

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de novembro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dous de novembro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1.(1357)- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións do 6, 13, 20, 22 e 27 de setembro de 2004. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2.(1358)- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DO CONGRESO DA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO. EXPTE. 1475/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.09.04 e de acordo co informe-proposta do 10.09.04, conformado poa interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” para a organización do segundo congreso de dita federación.

Vigo, de de 2004.

REUNIDOS

Dunha parte, Da. Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Concello de Vigo C:I.F.P 36-05700-H, con enderezo en Vigo, Plaza do Rei s/n CP 36202, na súa representación,

Doutra parte, D. Balbino Moreira Vázquez, presidente da Federación de Peñas Recreativas El Olivo, CIF G-36704666, con enderezo en Vigo, na praza Galegos Ilustres CP 36203, en representación desta.

MANIFIESTAN

Que a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e Entidades co número 143/90 e ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais e culturais nos distintos barrios da cidade de Vigo.

Que en anos anteriores se estableceron convenios de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” referentes a diferentes temas de interés social, e o resultado acadado en todos os casos foi moi satisfactorio para ambas partes.

Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réxime local faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofetados polas entidades locais.

Polo que, en consideración ao antes exposto, establecen a súa relación mediante este convenio, que será rexido polas seguintes:

CLAUSULAS:

PRIMEIRA: O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entre ambas dúas entidades de xeito que este esforzo conxunto permita a organización e desenvolvemento do Congreso orixe deste convenio.

SEGUNDA: Os compromisos recollidos neste convenio corresponderán ás actividades a desenvolver durante a celebración do segundo congreso da Federación de Peñas Recreativas El Olivo baixo o lema “Traballando por Vigo.... mirando hacia ao futuro”.

TERCEIRA: O congreso obxecto do presente convenio financiarase dacordo cos presupostos presetados pola Federación de Peñas Recreativas El Olivo que ascienden a un importe total de 6.000 euros por todos os conceptos.

CUARTA: As obrigas que asume a Federación son as seguintes:

1.-Organizar o congreso obxecto deste convenio en tódos os aspectos administrativos-organizativos e de publicidade.

2.-Dotar de material e persoal para o desenvolvemento deste convenio.

3.-Achegar os localis necesarios e as instalacións para o desenvolvemento do convenio.

4.-Presentar ao Concello a memoria final do Congreso, obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes a su finalización, na que figurarán como mínimo os datos de participación, prensa e balance económico con detalle de gastos e ingresos.

QUINTA:

O Concello asume a obriga de aportar a contía de 6.000 euros á organización deste Congreso, con cargo á partida de Alcaldía 11102270602 que serán abonados do xeito seguinte:

-Un primeiro pagamento por importe de 3.000 euros unha vez asinado o presente convenio.

-O resto do importe do convenio por 3.000 euros, unha vez presentada a memoria do Congreso, certificándose por persoa autorizada o cumprimento do convenio.

En todos os casos os pagamentos aboaranse mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080.00.20.13004.0023628 domiciliada en Caixanova e da que é titular a Federación de Peñas Recreativas El Olivo.

SEXTA: O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2004 e non será prorrogable.

SEPTIMA: A Excm. Sra. Alcaldesa queda facultada para solucionar as controversias derivadas da execución deste convenio.

En proba de conformidade asina por triplicado para un só efecto o presente convenio na data e lugar que se indica.

3.(1359)-DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTE DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE MAIO A SETEMBRO DE 2004.

Mediante escrito de data 5.10.04 o concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, de conformidade coa base 31 das de execución do presuposto en vigor, dá conta á Xunta de Goberno dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de benestar Social nos meses de maio a setembro de 2004, e que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
03/06/2004	LIBROS E OUTRAS PUBLICACIÓNS	2200100	200400026932	13,01	CARITAS ESPAÑOLA
05/05/2004	EXCURSIÓN USUARIOS COMEDOR SAN JOSÉ	2260804	200400022932	1.200,00	VIARIOS
08/09/2004	ADAPTACIÓN INFORMÁTICA SISTEMA SIUSS V 3	2270600	200400042104	11.934,00	AULA DE INFORMÁTICA DE GALICIA AFI

A Xunta de Goberno queda enterada.

4.(1360)-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 16/8496, 3/746.

Examidas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-propostas do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelliro-delegad do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Sara Pérez Castro. Expte. 3/746
- D^a Purificación Prieto Villar. Expte. 16/8496.

5.(1361)-PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE.15/000000/04.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder a prestación do Servizo de centro de Día a D. José Bernardo Tievo Ruibal.

6.(1362)-DEVOLUCIÓN DE AVAL CONSTITUÍDO PARA A CONTRATACIÓN DA ACTUACIÓN DE THE OFFSPRING NAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004. EXPTE. 1229/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e A. Sociocultural, do 27.10.04, conformado polo concelleiro delegado de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a devolución do aval constituído en concepto de pago anticipado do contrato de prestación de servizos para actuación artística de “The Offspring” dentro do programa das Festas do Cristo da Victoria 2004, asinado ó 9 de agosto entre o Concello de Vigo e Simon Music, S.L. B-36866754, por importe de 150.800 € (cento cincuenta mil oitocentos euros).

7.(1363)-ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA A A ADQUISICIÓN DE 22 DUCHAS PARA A DOTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS NAS PRAIAS NA TEMPORADA ESTIVAL 2004. EXPTE. 2701/306.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 4.10.04 aprobou o expediente de contratación da subministración de duchas para as praias por procedemento negociado.

Con data 15.10.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, presentouse unha soa proposición: Metal FH Rosal S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 18.10.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo a proposta e pasándoa ao Servizo de Medio Ambiente para que informe e propoña a adxudicación á Xunta Local de Goberno, informe que foi emitido polo técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, o 22.10.04, conformado polo concelleiro delegado de Medio Ambiente e pola interventora xeral, formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co devandito informe-proposta, acorda:

Adxudicar á empresa Metal FH Rosal S.L. o contrato por un importe de 21.722,37 € que se imputarán á partida 4533.601.01.02 do presuposto do ano 2004.

8.(1364)-SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DA OBRA “POMBA” DE CAULONGA PARA A EXPOSICIÓN “ANTOLÓXICA DE CAULONGA” DO CENTRO CULTURAL CAIXANOVA DE VIGO. EXPTE. 1251/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo Municipal “Quiñones de León”, conformado polo concelleiro de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o préstamo temporal da obra “Pomba” de Caulonga, Nº inv. 4177, asignada ao museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, que figura no anexo do expediente, a Caixanova, para a exposición Antolóxica ao pintor a celebrar no Centro Cultural Caixanova de Vigo , entre o 9 de decembro de 2004 e 9 de xaneiro de 2005 ; e conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal, dando coñecemento deste préstamo ao padroado do Museo na primeira xuntanza que se convoque.

9.(1365)-SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DE OBRAS PARA A EXPOSICIÓN “A GALICIA MODERNA” DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA. EXPTE. 1212/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe –proposta do director do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, conformado polo concelleiro de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o préstamo temporal das obras, que se especifican, ao CGAC para a exposición “A Galicia Moderna” a celebrar nese centro, entre o 17 de decembro de 2004 e 27 de marzo de 2005;

conforme coas condicións habituais de préstamo establecidas polo museo municipal, e dando coñecemento deste préstamo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque:

- +COLMEIRO, Mulleres e paisaxe, nº inv.384.
- +TORRES, Vagar (Repouso, nº inv.388
- +SOUTO, Feira (Mercado), nº inv. 214
- +SOUTO, Espantallo, 1934, nº inv. 197
- +MASIDE, Paisaxe (de Compostela), nº iv. 399

10.(1366)- EXPEDIENTE SANCIONADOR A CONYCASE S.L. REFERENTE AO APARCAMENTO DA RÚA VENEZUELA. EXPTE. 17035/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 28.09.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

En data de 30 de xullo de 2004 o Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade comunica á Empresa Conycase, S.L. que, non poderá iniciar as obras de rehabilitación previstas no aparcamento da rúa Venezuela, en tanto non presentara no Concello a documentación requirida e obtivese a preceptiva autorización municipal para a execución da obra, debendo manter a prestación do servizo público.

O xefe da Policía Local o día 2 de agosto de 2004 informa que trala comunicación ó Parking Conycase, S.L. da rúa Venezuela do mantemento do servizo, se comprobou os días 1 e 2 de agosto que o mesmo se atopaba pechado por reformas.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión do 2 de agosto de 2004 acordou que se iniciase expediente sancionador á concesionaria, o que ten lugar con data de 13 de agosto de 2004, concedéndose a Conycase, S.L. un prazo de 15 días a contar dende o seguinte ó da notificación, a cal tivo lugar o día 31 de agosto de 2004, para que a vista do expediente formulase as alegacións e aportase a documentación e as probas que conveñan ó seu dereito.

Manuel Núñez Arias, administrador de Conycase, S.L. comparece e formula alegacións en data 8 de setembro de 2004.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Empresa Conycase, S.L. é a actual titular dos dereitos de explotación e xestión dos aparcamentos subterráneos da Praza de Fernando Católico, rúa Venezuela e rúa Coruña, que en réxime de concesión administrativa de servizo público foi outorgada por acordo plenario de 26 de decembro de 1988 e con base ó prego de condicións xurídicas, técnicas e económicas aprobadas polo mesmo órgano o 30 de novembro de 1987 e o 20 de xaneiro de 1988.

Segundo.- Da instrucción do expediente resulta probado que a empresa concesionaria CONYCASE S.L. procedeu o peche de aparcamento público na rúa Venezuela os días 1 e 2 de agosto, segundo se constata mediante parte da policía local de data 2 de agosto de 2004, incumplindo con elo a orde do concelleiro delegado de Mobiliario y Seguridade de 30 de xullo de 2004 do mantemento da prestación de servizo público, sen que as alegacións formuladas pola concesionaria o oito de setembro de 2004 o presnete expediente en coacción desvirtuen en modo algun os devanditos feitos, xa que a mera solicitude de autorización formulada por esta para levar a cabo obras de remodelación no devandito aparcamento, non lle lexítima a súa realización sen que medie autorización expresa da administración titular do servizo, ni en ningún caso a suspensión unilateralmente da prestación do servizo público a que ben obrigado conforme o contrato concesional celebrado.

Terceiro.- Considerando que os feitos constatados, obxecto do presente expediente sancionador, son constitutivos de infracción das obrigas contractuais por parte da concesionaria Conycase,S.L. pola suspensión da prestación do servizo público e a realización de obras sen a previa autorización no inmoible demanial afecto ó servizo de aparcamento (art. 127.1.2º e 128.1.1º do Regulamento do servizo das corporacións locais, art. 65 e 72.1 da Lei de Contratos do Estado, art. 27, 29. 1 e 38 do prego de condicións xurídicas, técnicas e económicas que rixen a concesión administrativa e o art. 196.1 da Lei de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Cuarto.- Considerando que o artigo 38.3 do prego de condicións xurídicas, técnicas e económicas que rixen a concesión administrativa de explotación e xestión do aparcamento subterráneo da rúa Venezuela dispón que por causa de infracción comprobada, en canto o cumprimento de horarios establecidos , proposición de prazas de tamaños distintos, cupos reserva, irregularidades no servizo, limpeza e decoro do material, trato co público e, en xeral, calquera outro extremo que podera implicar inobservancia ou incumprimento do contido destas bases, as autoridades municipais, reservanse a facultade de impoñer-lo adxudicatario sancións diarias de praza establecida, sen perxuício dos demais dereitos que poidan corresponderlle á Corporación.

Quinto.- Considerando asimesmo que de conformidade no disposto no artigo 28 do prego de condicións en relación co artigo 38.3 do mesmo, o concello podera impoñer sancións diarias de praza establecida, fixandoa en 1000 ptas (6,01 €), por praza do que resulta no presente caso en relación o aparcamento da rúa Venezuela unha sanción total polo importe de 435.000 ptas/día (2.614,40 €) polo número de prazas que dispón (435).

Sexto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.f) da Lei 7/1985 LBRL trala modificación introducida por Lei 57/2003, de 16 de decembro de Medidas para a modernización do goberno local.

Por tódolo anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º Impoñer a Conycase S.L. unha sanción de 2.614,40 € pola suspensión da prestación do servizo público de aparcamento os días 1 e 2 de agosto de 2004 e e incumprimento da Orden do Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade de 30 de xullo de 2004 procedendo a realización de obras sen a previa autorización no inmoible demanial afecto ó servizo de aparcamento.

2º Requerirle a Conycase S.L. o ingreso do importe da sanción na Tesourería Municipal do concello no prazo de 30 días seguintes á notificación da presente, co apercibemento de que en caso contrario procederase á súa exacción pola vía administrativa de contrinximento.

Acordo.

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no presente informe.

11.(1367)- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A COLABORACIÓN NA XESTIÓN CATASTRAL DELEGADA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 129/500.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 12.07.04 aprobou o expediente de contratación por concurso da asistencia técnica para execución das cláusulas 2ª, 3ª, 5ª e 8ª do Convenio de colaboración coa Dirección Xeral do Catastro asinado o 20.12.01 no ámbito da pontencia de valores parcial do ano 2003.

Con data 22.09.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo, publicado no DOG nº 166 e no BOP nº 173 de datas 26 de agosto e 7 de setembro respectivamente do presente ano, presentáronse as seguintes proposicións: 1) Catoure, 2) Santiago Cucart S.L. e 3) Longo Ansa y Asociados S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 28.09.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as ofertas e pasándoas a informe da Xefatura de Ingresos.

A directora de Ingresos emitiu informe de avaliación con data 14.10.04 e outro aclaratorio do anterior de data 15.10.04, facendo constar que a mellor oferta para o lote A zona este é a da empresa Longo y Asociados S.L. e para o lote B zona oeste a presentada por Santiago Cucart S.L.

A Mesa de Contratación en sesión de data 18.10.04 formula a proposta de adxudicación que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

1º.- Adxudicar a Longo, Ansa y Asociados, S.L. o lote A do concurso para a colaboración na xestión catastral delegada do Concello de Vigo por un prezo de 115.000 euros para todo o prazo do contrato (10.000 euros corresponden o ano 2004, 60.000 euros o ano 2005 e 45.000 euros o ano 2006). Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados pola Xunta de Goberno Local de 12-07-2004 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar a Santiago Cucart, S.L. o lote B do concurso para a colaboración na xestión catastral delegada do Concello de Vigo por un prezo de 115.000 euros para todo o prazo do contrato (10.000 euros

corresponden o ano 2004, 60.000 euros o ano 2005 e 45.000 euros o ano 2006). Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados pola Xunta de Goberno Local de 12-07.2004 e a oferta presentada.

12.(1368)- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MOBILIARIO PARA A OFICINA DE INTERVENCIÓN XERAL. EXPTE. 10323/140.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 19.07.04 aprobou o expediente de contratación da subministración de mobiliario para o departamento de Intervención Xeral.

Con data 19.09.04 o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no anuncio do Concelo de Vigo publicado no DOG nº 166 e no Bop 170 de datas 26 de agosto e 2 de setembro respectivamente do presente ano, presentáronse as seguintes proposicións: 1) Ekipo, 2) Gallega de Mobiliario S.L., 3) Sutega Mobiliario S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 20.09.04 procedeu á apertura da documentación presentada, admitindo as propostas e pasándoas a informe do arquitecto municipal, Sr. Abia Alonso, informe que foi emitido con data 4.10.04 facendo constar que obtén a máxima puntuación a empresa Ekipo Sociedad Cooperativa Limitada.

En sesión de data 18.10.04 a Mesa de Contratación formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Ekipo, Sociedad Cooperativa Gallega o concurso para a subministración de mobiliario para o departamento de Intervención Xeral por un prezo de 41.276,13 euros, un prazo de entrega de 10 días e un prazo de garantía de 1800 días. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobados pola Xunta de Goberno Local de 19-07-2004 e a oferta presentada.

13.(1369)- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ASISTENCIA TÉCNICA E COLABORACIÓN NOS PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN NA VÍA DE PREMA DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E NOS PROCEDIMENTOS DE XESTIÓN E RECADACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL. EXPTE. 5510/540.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Contratación, do 19.10.04, conformado polo concelleiro de Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por acordo da Comisión de Goberno de 06-05-2002, se adxudicou o concurso para a contratación da asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de prema de ingresos municipais de dereito público e asistencia e colaboración nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores en materia de tráfico e seguridade vial coa empresa Santiago Cucart, S.L.

Na cláusula 6 do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos contado dende o día seguinte a sinatur do contrato. A sinatura do contrato produciuse o 05-11-2002. En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorroga-lo contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.

A empresa contratista ven de solicita-la prorroga do contrato polo periodo de un ano, solicitude que o Tesoureiro do Concello informa de conformidade..

A vista das anteriores consideracións propónse a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Autoriza-la prorroga para o período comprendido entre o 06-11-2004 ó 05-11-2005 do contrato de asistencia técnica e colaboración nos procedementos de recadación na vía de prema de ingresos municipais de dereito público e asistencia e colaboración nos procedementos de xestión e recadación de expedientes sancionadores en materia de tráfico e seguridade vial adxudicado a empresa Santiago Cucart, S.L. por acordo da Comisión de Goberno de 06-05-2002.

Todo o anterior sen perxuízo de que de acordo co disposto no último parágrafo da cláusula administrativa nº 6 a finalización do contrato se difiera ata o último día do exercicio natural.”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

14.(1370)- PRÓRROGA DO CONTRATO DA PÓLIZA DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 17118/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación do 18.10.04, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior, o concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A Comisión de Goberno deste Concello, en sesión celebrada o 24 de marzo de 2003, acordou adxudicar a “Mapfre Industrial, sociedade anónima de Seguros”, o seguro de responsabilidade civil e patrimonial para o Concello de Vigo e os seus Organismos Autonomos, segundo a oferta presentada e o prego de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o concurso, sendo o prezo do contrato de 424.341,35 euros/ano.

O contrato de referencia é de natureza privada, dos tipificados no art. 5º aptdo. 3º do texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, prevendose na cláusula quinta, do prego de cláusulas administartivasque rexeu a contratación, a posibilidade de prorroga por periodos anuais, ata un máximo de catro anos de duración, coa posibilidade de denunciálo mesmo, no prazo de dous meses antes do seu vencemento, tal como está previsto na Lei de Contratos de Seguros.

Sendo de interés municipal continuar coa cobertura de seguro de responsabilidade civil concertada, por parte da Correduría aseguradora que este Concello ten contratada, Aón Gil y Carvajal, interesouse da Compañía aseguradora, a posibilidade de continuar con dita poliza, aceptando ésta a proposición.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte A C O R D O

Prorrogar o contrato da poliza de seguro de Responsabilidade Civil e Patrimonial do Concello de Vigo e os seus Organismos Autonomos, contratado coa Compañía aseguradora “Mapfre, Sociedad anónima de Seguros”, polo periodo que media entre as cero horas do 31 de decembro de 2004 e as cero hora do 31 de decembro de 2005, polo prezo de 424.241,35 euros/ano, e de acordo cos pregos de condicións que no seu día rexeu a contratación, así como a a oferta presentada.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

15.(1371)- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO DE VIGO E DEMAIS DEPENDENCIAS EN QUE SE PRESTAN SERVIZOS MUNICIPAIS. EXPTE. 15358/240.

A Xunta de Goberno retira o expediente da orde do día para mellor estudo.

16.(1372)- REVISIÓN DE PREZOS DO SERVIZO DE RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS. EXPTE. 17116/240.

A Xunta de Goberno retira o expediente da orde do día para mellor estudo.

17.(1373)- DAR CONTA DA PRESENTACIÓN POR PARTE DA FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO DE DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA O PAGAMENTO DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 2176/307.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 21.10.04, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

Na sesión da Xunta de Goberno Local do 18/10/2004 se adoptou, entre outros, o acordo da aprobación do texto do CONVENIO MARCO PARA O FINANCIAMENTO DA FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO ANOS 2004 E 2005. Na cláusula 5. Deste Convenio recolle a forma de pagamento da subvención municipal á fundación Liste correspondente ó ano 2004, que é do seguinte teor literal:

"5. Os pagamentos da subvención municipal faranse do xeito seguinte:

5.1. O pagamento correspondente ó ano 2004 farase efectivo con carácter anticipado no momento da sinatura do presente Convenio e trala toma de razón por parte do órgano competente do Concello de Vigo da presentación de documento fidedigno da aprobación da liquidación dos orzamentos da Fundación do ano 2003 así como o documento de aprobación dos seus orzamentos de 2004 e documentación acreditativa da presentación destes

dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia, previo informe do Servicio de Patrimonio Histórico e da Intervención Xeral do Concello."

Polo exposto, e tendo en conta o informe da Intervención Xeral do 05/04/2004, que obra no expediente de referencia, este Servicio de Patrimonio Histórico propón á Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.- A toma de razón da presentación por parte da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo do documento fidedigno de aprobación da liquidación dos orzamentos da Fundación do ano 2003, o documento de aprobación dos seus orzamentos de 2004 e da documentación acreditativa da presentación destes dous documentos perante os órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia, documentación que obra no expediente nº 2176-307 que se achega con esta proposta, para os efectos de facer efectivo, trala sinatura do Convenio aprobado, o pagamento da subvención municipal á Fundación correspondente ó ano 2004.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba á proposta contida no precedente informe.

18.(1374)- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSOAL PARA MODIFICAR O ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DO 11.10.04 DE APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2003. EXPTE. 15283/220.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 11.10.04 aprobou a oferta de emprego público do ano 2003, acordando reservar unhas prazas das ofertadas para discapitados físicos e psíquicos.

Con data 20.10.04, o xefe da Unidade de Persoal solicita aclaración do acordo de dita sesión, do seguinte xeito:

Visto o acordo adoptado en sesión 11 de outubro de 2004, polo que se deu aprobación á Oferta de emprego público de 2003, e considerando as modificacións introducidas no texto do acordo verbo da proposta inicialmente sometida polo concelleiro delegado de persoal, resulta preceptivo que o órgano resolutor adopte novo acordo, previo á publicación da oferta, no que se clarifiquen os seguintes extremos, necesarios para poder confeccionar as bases que rexirán os procesos selectivos da oferta :

A) Con relación ás prazas de auxiliares de administración xeral, deberá clarificarse se a reserva para discapitados físicos afecta a unha das seis prazas ofertadas por turno libre ou a algunha das dúas ofertadas por promoción interna.

B) Con relación ás prazas de axudante de oficios deberá igualmente clarificarse se a reserva para discapitados psíquicos afecta á única praza convocada por turno libre ou a algunha das catro prazas ofertadas por promoción interna, logo que de afectar á única praza inicialmente prevista por turno libre, quedaría totalmente desvirtuado este turno ao non poder concorrer nengúnha persoa que non tivese discapacidade, máxime tendo en conta que hai persoal interino ocupando as prazas ofertadas, o que colocaría á oferta nunha situación de nulidade xurídica.

Asemade se fai constar, en relación á reserva realizada para discapitados psíquicos nas prazas de axudantes de oficios, que de acordo coas funcións e cometidos propios desta categoría profesional, o desempeño do posto pode

comportar o emprego de maquinaria perigosa ou expoñer ao traballador a situacións de risco laboral que non sexan capaces de ser valorados por un discapacitado psíquico (artigo 25 Ley 31/95, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais : II Os traballadores non serán empregados naqueles postos de traballo nos que, a causa das súas características personais, estado biolóxico ou pola súa discapacidade física, psíquica ou sensorial debidamente recoñecida, poidan eles, os demais traballadores ou outras persoas relacionadas coa empresa poñerse en situación de perigo ou, en xeral, cando se atopen manifestamente en estados ou situacións transitorias que non resposten ás esixencias psicofísicas dos respectivos postos de traballo "), polo que sería convinte clarificar si houbo algún erro de transcripción no texto do acordo.

C) Con relación á reserva de cupo para discapacitados nas prazas de subalterno, debería igualmente concretarse para cal das dúas discapacidades se realiza a reserva, ou si pola contra afecta a ámbolos dous tipos de discapacidades -psíquica y física-, indistintamente .

Á vista do precedente informe, o concelleiro delegado de Persoal, o 27.10.04, formula a seguinte proposta:

Considerando o informe da Xefatura da Unidade de persoal de data 20 de outubro de 2004 solicitando aclaración do apartado final do acordo adoptado en sesión de 11.10.04, referente á reserva de cupo para persoas con discapacidade, resulta preceptiva a adopción dun novo acordo, previo ao acto de publicación da oferta, no que se clarifique o alcance e sentido daquel apartado, co obxecto de garanti-la debida seguridade xurídica tanto en orde ao acto de aprobación da oferta coma á propia elaboración das bases que haberán de rexir-lo proceso selectivo.

De conformidade co disposto nos artigos 105 da lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, en concordancia co artigo 15.4 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e provisión de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración civil do Estado, a administración municipal poderá en calquera momento previo ao acto de publicación da oferta revocar aqueles erros materiais que se detecten en acordos xa adoptados.

No acordo precedente de 11 de outubro deste ano, evidenciase a necesidade de clarificar o alcance dos cupos de reserva para persoas con minusvalías , omitindo do acto de aprobación calquera referencia concreta ao tipo de discapacidade e especificando no acordo a quenda que resultaría afectada por ditas reservas de cupo, todo elo consonte á seguinte PROPOSTA ;

Primeiro: Rectifícase o acordo precedente desta Xunta de Goberno de data 11.10.04, relativo á aprobación da Oferta de emprego de 2003, no seguinte senso :

- Auxiliares de administración xeral : 8 prazas ; dúas prazas por promoción interna e seis por turno libre, quedando reservada unha das prazas deste turno para persoas con discapacidade.*
- Subalternos : 2 prazas, ámbalas dúas por turno libre, quedando reservada unha delas para persoas con discapacidade.*
- Axudante sde oficios : 5 prazas ; tres por promoción interna e dúas por turno libre, quedando rervada unha das prazas deste turno para persoas con discapacidade.*

Segundo : o presente acordo modifica o acordo precedente de data 11.10.04 en todo no que se oponga o contradiga a esta resolución .

Acordo

A Xunta de Goberno, vistos os antecedentes acorda:

Primeiro: Rectifícase o acordo precedente desta Xunta de Goberno de data 11.10.04, relativo á aprobación da Oferta de emprego de 2003, no seguinte senso :

- Auxiliares de administración xeral : 8 prazas ; dúas prazas por promoción interna e seis por turno libre, quedando reservada unha das prazas deste turno para persoas con discapacidade.
- Subalternos : 2 prazas, ámbalas dúas por turno libre, quedando reservada unha delas para persoas con discapacidade psíquica.
- Axudante sde oficios : 5 prazas ; tres por promoción interna e duas por turno libre, quedando rervada unha das prazas deste turno para persoas con discapacidade.

Segundo: o presente acordo modifica o acordo precedente de data 11.10.04 en todo no que se oponga o contradiga a esta resolución .

19.(1375)- SUBVENCIÓN Á FEDERACIÓN DE COMERCIO DE VIGO (FECovi) PARA A ORGANIZACIÓN DO ALUMEADO DE NADAL. EXPTE. 1524/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 29.09.04, conformado pola concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Turismo e Comercio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda.

1º.- Conceder unha subvención de 79.789,56 € á Federación de Comercio de Vigo, CIF-G-36911543, para a organización do alumeado de Nadal, con cargo á partida 6220 4700000, do orzamento prorrogado actualmente en vigor.

2º.- A Federación de Comercio de Vigo (Fecovi) deberá incluír o logotipo da Concellería de Turismo en todo o material que se adite co gallo do Alumeado do Nadal.

3º.- A concesión da presente subvención non eximirá á devandita Federación de solicitar os correspondentes permisos para a instalación do Alumeado.

4º.- A Federación de Comercio de Vigo (Fecovi) , será a encargada da contratación con terceiros para a realización das instalacións previstas do alumeado durante as festas, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade por parte do Concello polo mero feito de subvencionar a actividade.

5º.- En canto ó cobro da subvención, ésta estará supeditada o cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe sa subvención concedida, tal e como se esixe na Base 3ª das de execución do Orzamento Municipal para o ano 2004. Asímesmo, as facturas que se presenten, xustificativas da subvención concedida, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decretoo 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula a obriga de expedir facturas.

20.(1376)- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGOVELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO ALUMEADO DE NADAL. EXPTE. 1521/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 29.09.04, conformado pola concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Turismo e Comercio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda.

1º.- Conceder unha subvención de 19.000 € á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGOVELLO CIF-G-36909232, para a organización do alumeado de Nadal, con cargo á partida 6220 4700000, do orzamento prorrogado actualmente en vigor.

2º.- A Asociación de Comerciantes y Hosteleros Vigovello deberá incluír o logotipo da Concellería de Turismo en todo o material que se edite co gallo do Alumeado do Nadal.

3º.- A concesión da presente subvención non eximirá á devandita Asociación de solicitar os correspondentes permisos para a instalación do Alumeado.

4º.- A Asociación de Comerciantes y Hosteleros Vigovello, será encargada da contratación con terceiros para a realización das instalacións previstas do alumeado durante as festas, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade por parte do Concello polo mero feito de subvencionar a actividade.

5º.- En canto ó cobro da subvención, ésta estará supeditada o cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe da subvención concedida, tal e como se esixe na Base 3ª das de execución do Orzamento Municipal para o ano 2004. Asímesmo, as facturas que se presenten, xustificativas da subvención concedida, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula a obriga de expedir facturas.

21.(1377)- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á EMPRESA TEMPERÁN&ANIMALS PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE FOMENTO DA VELA “VIGO A VELA”. EXPTE. 1518/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 29.09.04, conformado pola concelleira de Desenvolvemento Local e Emprego, Turismo e Comercio e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Conceder unha subvención de 9.600€ (IVE incluído) á empresa Temperans&Animals, con CIF: B-36822278, para a organización do programa de fomento da vela "Vigo a Vela", con cargo á partida 7510 4700201 "Subvención de Actividades", da Concellería de Turismo do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

2º.- A citada empresa deberá incluír o logotipo de Turismo de Vigo en todo o material que se edite para a difusión deste evento, así como na rotulación da embarcacións e material para o desenvolvemento do programa.

3º.- A concesión da presente subvención non eximirá á devandita empresa de solicitar os correspondentes permisos para a celebración da actividade, así como o pagamento das taxas ou impostos que puidesen corresponder.

4º.- A empresa será a única responsable da organización da actividade, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade con terceiros por parte do Concello polo mero feito de subvencionar a actividade.

5º.- En canto ó cobro da subvención, éste estará supeditado ó cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe da subvención concedida, tal e como se esixe na Base 38ª das de execución do Presuposto Municipal para o ano 2003. Asimesmo, as facturas que se presenten, xustificativas da subvención concedida, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula a obriga de expedir facturas.

22.(1378)- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA U.A. IV-07 MONTECELO ALTO. EXPTE. 4443/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 8.10.04, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- *No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado no 29/04/1993, delimitouse o polígono "UE IV-07-Montecelo" entre o remate da rúa Montecelo Alto na Travesía de Vigo, --números 72 a 86-- e a prolongación do vial de nova apertura que enlaza estas dúas rúas, cunha superficie aproximada de 2.000 m²; 300 m² de cesión mínima para zona verde; usos permitidos polas ordenanzas "1.1". e "1.2" e a compensación como sistema de actuación.*

2º.- A ordenación deste ámbito remitiuse a un Estudio de Detalle, que se aprobou definitivamente polo Concello-Pleno en sesión do 26/10/1995, logo modificado puntualmente polo posterior Acordo plenario do 26/07/2004 (expte. 8492/411).

3º.- En data 23/04/2004 o representante da entidade mercantil "Gestiones Urbanísticas y de Negocios SL" interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación do Proxecto de Urbanización do devandito polígono. Achegou ó efecto o correspondente Proxecto, asinado polos arquitectos D. Antonio Hernández Crespo e D. José Alonso Rial. Dita solicitude e documentación inicial foi completada -previo requirimento dos servicios municipais- por outra posterior presentada nos días 23/03/2004, 01/06/2004 e 16/07/2004.

No 23/05/2003 o enxeñeiro técnico agrícola da oficina municipal de Parques e Xardíns emitiu un Informe ó respecto, no que se limitou a sinalar que: "o arborado deberá levar un sistema de rego por goteo e aparte de 200 cm. de altura deberá ter un perímetro de 16-18 cm."

No 25/08/2004 o enxeñeiro industrial municipal da oficina de Servicios Electromecánicos emitiu sendos Informes favorables sobre o Proxecto de Urbanización, se ben efectuando certas puntualizacións a ter en conta no momento de execución das obras.

En data 07/10/2004 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu Informe favorable. Né manifestou, entroutros extremos, o seguinte:

"A los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad 72.260,81 Euros por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NN. UU., deberán presentar aval por el 100 % a la aprobación definitiva. El Proyecto consiste fundamentalmente en la prolongación de la calle iniciada a la altura de los números 163 y 165 de la Travesía de Vigo, hasta su unión con la calle Montecelo Alto. Incorpora unas pequeñas zonas peatonales en ese punto de conexión entre viales, tal y como se define en el planeamiento que desarrolla. El Proyecto contiene las obras necesarias para la implantación de los servicios urbanísticos habituales. Indicar solamente que, debido a un error de impresión, la sección tipo del firme de calzada señalada en el plano 07 – R, debe ser la de 6 cm. de mezcla bituminosa en caliente tipo D – 12, 18 cm de base hormigón, y 20 cm de sub-base de zahorra artificial. Con respecto al arbolado, se estará al contenido del informe de la Oficina de Montes, Parques y Jardines de fecha 23/05/03. El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Area de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección facultativa de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal de las obras, aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquella fuesen considerados necesarios, conforme al articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición pública se notificará al Coordinador del Area de Servicios, y a las empresas Unión Fenosa, Aqualia, y a las de comunicaciones Telefónica y R.."

4º.- Paralelamente, co núm. de expte. 4534/401 estase tramitando un procedemento de cambio de sistema de compensación a concierto e de aprobación do proxecto de equidistribución dese polígono.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Este procedemento debe tramitarse consonte co disposto no Art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o Proxecto axústase ó preceptuado no Art. 110 LOUGA, no que se especifica que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servicios e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

De conformidade co disposto no Apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no Art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licencia de Obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 72.260,81 euros.

Finalmente, a aprobación definitiva deste Proxecto de Urbanización require da previa ou simultánea aprobación do Proxecto de Equidistribución do polígono, consonte esixe o art. 20.1.d) LOUGA.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse ó Consello para que a súa vez lle proponha á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización da UE IV-07-Montecelo Alto, promovido pola entidade mercantil "Gestiones Urbanísticas y de Negocios SL", redactado polos Arquitectos D. Antonio Hernández Crespo e D. José Alonso Rial, visado polo COAG en datas 22/04/2003, 27/05/2004 e 15/07/2004 (Expte. 4443/401).

SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á entidade mercantil promotora xunto cunha copia dos Informes dos Servizos Municipais de Parques e Xardíns, e de Electromecánicos de datas respectivas 23/05/2003 e 25/08/2004, para que dea cumprimento ó sinalado neles. Notifíquese tamén ós propietarios do ámbito, ás entidades concesionarias de servizos públicos, infraestructuras de telecomunicacións e equipo redactor do novo Plan Xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

23.(1379)- APROBACIÓN INICIAL DA DELIMITACIÓN DUNHA ÁREA DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS NA AVDA. DE CASTRELOS, 133 E 135. EXPTE. 4522/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 8.10.04, que di o seguinte:

Emítase este informe técnico en relación coa documentación presentada no Rexistro Xeral da Xerencia de Urbanismo de Vigo no 02/07/2004, por D. Germán Martínez Serodio en representación de VISTALMAR GALICIA S.L.

O expediente técnico consiste nun PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE PREDIOS EN SOLO URBANO. Esta documentación foi redactada polos arquitectos Pedro A. Alonso Fernández e Francisco Castro Nieto.

ANTECEDENTES.-

Os terreos obxecto da proposta sitúanse nos nº 133 e 135 da avda. de Castrelos (plano 15-31 do PXOU, e 13-K da cartografía dixital do Concello de Vigo) e, segundo medición efectuada sobre a cartografía dixital do Concello de Vigo, teñen unha superficie de 1.821'55 m². Actualmente, a parcela nº 135 non ten ningunha construción. Sen embargo, a nº 133 está ocupada por unha edificación, destinada a uso residencial, que dispón de dúas planta sobre rasante.

No 19/06/2003, a mercantil "Vistalmar Galicia S.L." solicitou licencia de edificación sobre as parcelas nº 135 e 133 da avda. de Castrelos. En data 21/11/2003, a mesma entidade promotora, presentou un proxecto reformado da edificación obxecto da solicitude de licencia. Ese proxecto tan só fai referencia a parcela nº 135.

O arquitecto técnico municipal da oficina de licencias de obras, emitíu unha notificación no 10/12/2003. Nela indícase que a parcela nº 133 non dispón da superficie mínima edificable e, no caso de que non se edifique conxuntamente coa parcela nº 135, quedaría como inedificable.

No 16/02/2004, o representante de "Vistalmar Galicia S.L.", solicitou a delimitación dunha unidade de normalización de predios en solo urbano, cun ámbito formado polas parcelas nº 135 e 133.

OBJECTO.-

A solicitude formulada por "Vistalmar Galicia SL" versa sobre a posibilidade de delimitación dunha unidade de normalización de predios. O ámbito a considerar é o formado polas parcelas nº 133 e 135 da avda. de Castrelos. Con esta delimitación preténdese evitar que a parcela nº 133 quede como inedificable, dado que na nº 155 solicitouse licencia de edificación.

CONDICIÓNS URBANÍSTICAS.-

De acordo co especificado no vixente Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo, aprobado definitivamente no 29/04/1993 (DOG 10/05/93), os terreos obxecto desta solicitude teñen a seguinte clasificación e cualificación de solo: Solo Urbano, con ordenanza de aplicación 1.1.B de edificación pechada. As aliñacións exteriores están sinaladas e definen a ampliación da avenida de Castrelos.

Debe considerarse que parte da parcela nº 135 está incluída no PERI 3 CANICOUVA. Isto significa que, a propia aplicación do PXOU-93, divide a parcela en dous e reulta innecesaria a súa parcelación, e polo tanto, tan só se terá en conta neste informe a parte de parcela situada dentro da ordenanza 1.1.B, clasificada como solo urbano consolidado.

As características fixadas polo PXOU-93 para a ordenanza 1.1.B son as seguintes:

1.1.B Edificación pechada da área central.

- Parcela mínima: 100'00 m². (No caso de existiren aliñacións interiores definidas, a parcela mínima será a resultante de 8 m. polo fondo edificable fixado).

- Fronte mínimo: 8'00 m.

- Ocupación máxima: 100%.
- Altura máxima: En función do ancho da rúa.

Corresponde esta ordenanza á edificación en cuarteiróns pechados, co seu patio de cuarteirón e con utilización opcional de patios de parcela. O uso específico é o de vivenda colectiva e todo o conxunto de usos de centralidade.

CONDICIÓN DE USO.-

-Vivenda, garaxe aparcamento, artesanía, industria, aloxamento colectivo, comercial, oficinas, espectáculos, lugares de reunión, relixioso, cultural, deportivo, sanitario, servizos xerais e organismos oficiais.

ANÁLISE.-

1/ As parcelas obxecto desta solicitude están clasificadas como solo urbano consolidado, segundo o artigo 11, 12.a e disposición transitoria 1ª.1.b da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en adiante LOUGA).

2/ Debido ó anterior, e dado que é necesario adapta-la configuración física das parcelas, deberá delimitarse unha unidade de normalización de predios, en base ó artigo 122.1 da LOUGA.

3/ O procedemento para a delimitación desta unidade de normalización de predios está recollido nos artigos 122.2 da LOUGA e 117 do regulamento de xestión urbanística.

4/ O ámbito proposto para a delimitación da unidade reparcelable, circunscrito únicamente as parcelas nº 133 e 135, parece o mais axeitado, sen necesidade de engadir ningunha outra parcela do entorno. Isto é así porque tanto a parcela nº 133 como a nº 135, están afectadas pola aliñación fixada no PXOU para a ampliación da avda. de Castrelos, mentres que as edificacións situadas a continuación delas, non precisan facer ningún tipo de regulación por estar dentro de alineación.

O problema que se pretende resolver con esta unidade de normalización de predios parte de que a parcela nº 133 non dispón da superficie mínima necesaria, polas súas reducidas dimensións non dispón do ancho mínimo nin acada o fondo edificable necesario.

5/ Neste momento, tan so se plantexa a delimitación da unidade de normalización de predios mais axeitada, sen entrar a valorar o proxecto de normalización presentado. Dito proxecto será obxecto de informe despois de aprobada a delimitación que nos ocupa.

CONCLUSIÓN.-

Por todo o anteriormente exposto, infórmase favorablemente á delimitación dunha Unidade de Normalización de Predios, solicitada por VISTALMAR GALICIA S.L., referida ó ámbito por eles proposto. O proxecto de normalización de predios será obxecto de novo estudo unha vez aprobada definitivamente ó ámbito aquí proposto.

Ó ámbito da unidade de normalización de predios queda configurado polas parcelas seguintes (se adjunta plano realizado sobre la cartografía oficial del Concello de Vigo):

PARCELA	REF.CATASTRAL	LOCALIZACIÓN	PROPIETARIO (SEGUNDO I.B.I.) DOMICILIO
1	2331824 NG2723S	Avda de Castrelos nº 133	Juan Benavides García. Avda. de Castrelos nº 131, Vigo
2	2331805 NG2723 S Agrupada con: 2331823	Avda de Castrelos nº 135	Vistalmar Galicia S.L. r/ Gerona nº 6-A, Vigo

	2331822		
	2331821		
	2331820		
	2331819		

INFORME XURÍDICO

Dispoñe o art. 122.1 LOUGA que: "Cando fose necesario adaptar a configuración física das parcelas en solo urbano consolidado, en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico, o municipio poderá delimitar zonas de normalización de predios sen que iso produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio. As eventuais variacións no valor dos predios compensarase en metálico ou na forma en que cada caso se estableza no correspondente procedemento".

Neste caso resulta evidente a procedencia da delimitación dunha área de normalización de fincas, para adaptar a súa configuración física ó planeamento aplicable, permitíndose así a súa correcta execución.

O procedemento para a delimitación da área de normalización regúlase no art. 122.2 LOUGA. Trala súa aprobación inicial abrírase un trámite de audiencia polo prazo de 20 días hábiles.

É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 LBRL.

En virtude do exposto, propónse ó Consello para que a súa vez lle propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a delimitación dunha área de normalización de fincas sobre as parcelas núms. 133 e 135 da Avda. de Castrelos (expte. 4522/401).

SEGUNDO: Abrir un trámite de audiencia polo prazo de vinte días hábiles. Notifíqueselle o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do ámbito.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

24.(1380)- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 1 DO PLAN PARCIAL 03.23 BARUXÁNS B EN BEMBRIVE. EXPTE. 4530/401.

A Xunta de Goberno retira o expediente da orde do día para mellor estudo.

25.(1381)- DEVOLUCIÓN DO AVAL A FAVOR DE RIPALONE S.L. CONSTITUÍDO PARA CIRCULAR POLA RÚA CERVANTES 15 CON CAMIÓN DE GRAN TONELAXE. EXPTE. 42627/250.

Examinadas as actuaacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro sefe de Vías e Obras, do 20.10.04, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 05 de febreiro de 2004, solicitouse permiso de circulación a r/ Cervantes, 15 para a derruba dunha edificación, con licencia de obra nº. 43409/421. A Policía Local no seu oficio expdte. 12501/2004 de 09 de febreiro de 2004, nos solicita informe coas condicións para outorgamento da autorización. No informe do Servicio de Vías e Obras de data 09 de febreiro de 2004, indícase que o peso máximo non superará os 18.000 kg. e a consitución dunha fianza de (30.000 € - trinta mil euros), polos danos que se poidan ocasionar o patrimonio municipal.

Solicitada a devolución da fianza, constituída con número de operación 200400008764 de fecha 20 de febreiro de 2004 e por importe de (30.000 €), con documento de entrada no Rexistro Xeral con núm, 40101331 de data 06 de outubro de 2004.

Na visita de inspección feita con data 18 de outubro de 2004, o Inspector comunica que no percorrido dos camións pola r/ Cervantes non se observaron danos na calzada.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (30.000 € – trinta mil euros), a favor de RIPALONE, S.L, depositada na Tesourería municipal con data 20 de febreiro de 2004.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

26.(1382)- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE O 2º E 3º TRIMESTRE DE 2004 POR CONDUCIR VEHÍCULOS MUNICIPAIS SIN SER OFICIAIS. EXPTE. 15306/220

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 27.10.04, coformado polo Interventor Acctal e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 15.10.04, conformado polo Xefe da Área de Réxime Interior e o Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servicios prestados polo persoal do Servicio de Desinfección por conducir un vehículo lixeiro municipal, no sendo oficial conductor, aboarase ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que

comenzan por don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por don Ricardo González Arzua e que ascenden a un total de 483,48 euros (CATROCENTAS OITENTA E TRES EUROS CON COAENTA E OITO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondemte o 1º trimestre de 2004.

27.(1383)- PROGRAMA DE PRODUCTIVIDADE DOS EQUIPOS DE MANTENEMENTO DOS SERVICIOS DE PRAIAS. EXPTE. 15234/220.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 28.10.04, conformado polo Interventor Acctal. e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 20.10.04, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecer a aboar ao persoal que se relaciona no listado que se achega no expediente remitido polo Sr. Xerente do Parque central, conformado poo concelleiro delegado desa area, de data 1 de outubro de 2004, os importes individuais que en concepto de complemento de produtividade se incluen nos referidos listados, en atención ao desenvolvemento dos trabalos de mantemento dos servizos de praias realizados durante a primeira fase do programa (meses de maio, xuño, xullo e agosto de 2004), aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 27 de setembro de 2004.

28.(1384)- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE O MES DE SETEMBRO-2004. EXPTE. 15307/220/2004.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 27.10.04, conformado polo Interventor Acctal e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, 15.10.04, conformado polo xefe da área de Réxime Interior e o Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comenzan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondetes o mes de SETEMBRO-2004 e que ascenden a un total 561,80 euros (CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS, CON OITENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00- GRATIFICACIÓNS.

29.(1385)- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE CEMTERIOS CORRESPONDENTE O MES DE SETEMBRO-2004. EXPTE. 15308/220/2004.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do Técnico de Intervención Xeral do 27.0.04, coformado polo Interventor Acctal e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, 15.10.04 conformado polo Xefe da Área de Réxime Interior e o Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade de servicios prestados polo persoal do servico Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilaova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de SETEMBRO-2004, e que ascenden a un totalde 1.154,56 euros (MIL CENTO CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E SEIS CENTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

30.(1386)- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE O MES DE SETEMBRO DE 2004. EXPTE 15309/220/2004.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 27.10.04, conformado polo Interventor Acctal e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 15.10.04, conformado polo Xefe da Área de Réxime Interior e o Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servicios especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servico Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de SETEMBRO-2004, e que ascenden a un total de 586,50 euros (CINCOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON CINCOENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00- Gratificacións.

31.(1387)- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS POR CONDUCIR VEHÍCULOS MUNICIPAIS SIN SER OFICIAS CORRESPONDENTES O 3º TRIMESTRE-2004. EXPTE. 15311/220/2004.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 27.10.04, conformado polo Interventor Acctal e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 15.10.04, conformado polo Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados polo persoal de Vías e Obras que comenza por don Daniel Domínguez Alonso e rematan por don Manuel Martínez González, aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 303,00 euros (TRESCENTOS TRES EUROS), correspondentes ó 3º trimestre de 2004 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

32.(1388)- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR CONDUCIR VEHICULOS MUNICIPAIS SIN SER OFICIAIS CORRESPONDENTE O 3º TRIMESTRE-2004. EXPTE. 15310/220/2004.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o infore do técnico de Intervención Xeral, do 27.10.04, conformado polo Interventor Acctal e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 15.10.04, conformado polo Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemtno de productividade polos servicios prestados polo sarxento do Servicio de Extinición de Incendios, don J. Manuel García González (nº persoal 10808) e polo administrativo, don José Manuel González Ucha (nº persoal 17101), aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, as cantidades que figuran para cada un deles, por un importe total de 250,92 euros (DOUSCENTOS CINCOENTA EUROS CON NOVENTA E DOUS CÉNTIMOS), correspondentes ó 3º trimestre de 2004 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

33.(1389)- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MOBIL CORRESPONDENTE O MES DE SETEMBRO-2004. EXPTE. 15312/220

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 27.10.04, conformado polo Interventor Acctal e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 15.10.04, conformado polo Xefe da Área de Réxime Interior e o Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados como palista no Parque-Móbil corresponde aboar a don Antonio Amoedo García cantidade de 41,00 euros (COARENTA E UN EUROS), correspondente o mes de SETEMBRO de 2004 con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

34.(1390)- PRODUCTIVIDADE POR CONDUCCIÓN DE VEHÍCULO POR PARTE DE ALFONSO ALONSO RODRÍGUEZ-3º TRIMESTRE ANO 2004. EXPTE 15334/220.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 28.10.04, conformado polo Interventor Acctal e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 22.10.04, conformado polo Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de productividade polos servicios prestados por don Alfonso Alonso Rodríguez (nº persoal 13764) aboaráselle por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficial conductor, por un importe total de 102 euros (CENTO DOUS EUROS), correspondentes o 3º trimestre do ano 2004 e con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

35.(1391)- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MOBIL POR MANEXAR MAQUINARIA PESADA CORRESPONDENTE O 3º TRIMESTRE DE 2004. EXPTE. 15313/220/2004.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 27.10.04, conformado polo Interventor Acctal e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 15.10.04, conformado polo Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móvil por manexar maquinaria pesada, correspondente ó 3º TRIMESTRE-2004, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Miguel Ángel Alonso Alonso e remata por don Cándido Souto Benitez e que ascenden a un total de 1.097,18 euros (MIL NOVENTA Y SIETE EUROS CON DIECIOCHO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIONES.

36.(1392)- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES O MES DE STEMBRO-2004. EXPTE. 15318/220/2004.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 27.10.04, conformado pola Interventora e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 15.10.04, conformado polo Xefe da Área de Réxime Interior e o Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de Cemiterios e rematan por don Damaso Arias Rodríguez, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 60.725,24 euros (SESENTA MIL SETECENTOS VINTECINCO EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIONES, correspondentes o mes de SETEMBRO-2004

37.(1393)- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTES OS MESES DE MAIO E SETEMBRO DE 2004 (INCLUE HORAS DE ABRIL-2004). EXPTE. 15315/220/2004.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 27.10.04, conformado pola Interventora e de acordo co informe proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 25.10.04, conformado polo Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de MAIO E SETEMBRO DE 2004, (inclúe horas de abril) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan e que comezan por don Francisco J. Abreu Torres e remata por don José B. Villaverde Veleiro, por un total de 686'00 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relacións que se achegan e que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don José Angel Vega Marquez, por un total e 375'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan e que comeza por don Iván Abalde Casanova e rematan por don Juan Guillermo Vivero Mijares, por un total de 2.522'25 horas.
- Parque Móbil, relación que se achega e que comeza por don Miguel Angel Alonso Alonso e remata por don Ramón Vázquez Pazo, por un total de 1.036'00 horas.
- Conserxería, relacións que se achegan e que comeza por don Francisco Martínez Muñoz e rematan por don José Angel Fernández Alonso, por un total de 103'60 horas.
- Xerencia do Parque Central, relación que se achega e que comeza por don Guillermo Abelleira Porrua e remata por don J. Alfonso Pérez Fernández, por un total de 41'00 horas.
- Vías e Obras, relación que se achega e que comeza por don José Fernando Alonso Correa e remata por don José Vázquez de Francisco, por un total de 168'00 horas.
- Inspección Vías e Obras, relación que se achega e que comeza por don José Barciela Cea e remata por don Julio Gómez Pascual, por un total de 219'00 horas.
- Alcaldía, relación que se achega e que comeza por don Basilio Costas Fernández e remata por don Cesareo Rocha Paramés, por un total de 145'50 horas.
- Desinfección, relación que se achega e que comeza por don Ricardo González Arzua e remata por don José Manuel Sousa Atrio, por un total de 108'00 horas.
- Medio Ambiente, relación que se achega e que comeza por dona M^a Soledad García Riveiro e remata por don Gabriel Martínez Giraldez, por un total de 66'05 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 40.167'32 € (CUARENTA MIL CENTO SESENTA E SETE EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS)."

38.(1394)- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL POR XORNADA REDUCIDA DE VERAN CORRESPONDENTE Ó ANO 2004. EXPTE. 15300/220/2004.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención Xeral, do 27.10.04, conformado polo Interventor Acctal e de acordo co informe-proposta do Xefe da Unidade de Persoal, do 11.10.04, conformado polo Xefe da área de Réxime interior e o Concelleiro-Delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Aboar ó persoal dos servicios que se relacionan, os importes que de seguido se indican, como compensación por non disfrutar en todo ou en parte da xornada de verán prevista no artigo 11 do convenio:

-Servicio de Limpeza.....1.095'08 €, segundo relación que se achega e que comeza por Don José Manuel Lojo Pancorbo e remata por Don J. José Hermida Sanmartín.

-Servicio Extinción de Incendios.....82.090'42 €, segundo relación que se achega e que comeza por Don Carlos Abalde Fernández e remata por Don José Benito Villaverde Veleiro.

-Parque Móbil.....1.873'50 €, segundo relacións que se achega e que comezan por Don Carlos Abalde Blanco e rematan por Don José Riveiro Rodríguez.

-Alcaldía.....1.562'10 €, segundo relación que se achega e que comenza por Don Basilio Costas Fernández e remata por Don Cesáreo Rocha Paramés.

-Policía Local.....125.962'43 €, segundo relacións que se achega e que comezan por Don Ivan Abalde Casanova e rematan por Don Juan Guillermo Vivero Mijares.

- Montes, Parques e Xardíns.....1.231'26 €, segundo relacións que se achegan e que comenza por Don Angel Alfredo Ferro Mancho e remata por Don José Vidal Alvarez.

- Cemiterios.....7.075'10 €, segundo relacións que se achegan e que comezan por Don Jesús Alfonso Sanmartín e rematan por Don Delmiro Vilanova Acuña.
- Desinfección.....2.732'67 €, segundo relacións que se achegan e que comezan por Don A. Avelino Pardellas Avión e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio.
- Parque Central.....876'41 €, segundo relacións que se achegan e que comezan por Don Manuel Domínguez Sánchez e rematan por don José Irigaray López.

O importe das anteriores horas ascende a un total de 224.498'97 €.

39.(1395)- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE SANIDADE E CONSUMO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA RELATIVO ÁS ACTIVIDADES DE CONTROL DAS PRAGAS URBANAS NOS TERREOS E INSTALACIÓNS DO CONSORCIO. Expte. 742/313.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.10.04 e de acordo co informe-proposta do director do Laboratorio, do 7.10.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-lo proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre a Concellería de Sanidade e Consumo e o Consorcio da Zona Franca que ten por obxecto establecer os termos e condicións da colaboración entre ambas entidades para desenvolver todas as medidas necesarias de control das pragas urbanas nos terreos do citado consorcio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO

REUNIDOS:

Dunha parte, DONA CORINA PORRO MARTÍNEZ, ALCALDESA PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO, C.I.F. nº P-3605700-H, con enderezo en Vigo, Praza do Rei, s/n, e en representación deste.

Doutra parte, D. FRANCISCO LÓPEZ PEÑA, en calidade de DELEGADO DO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO, C.I.F. nº G-36.611.580 . con enderezo en Vigo, Área portuaria de Bouzas s/n , e en representación deste

MANIFESTAN:

Que o Concello de Vigo, o través dos servicios da Concellería de Sanidade e Consumo, coordina e regula as actividades de desratización que afectan a importantes áreas da cidade.

O Consorcio da Zona Franca dada a importancia que teñen os terreos da súa propiedade e a repercusión que ten o seu estado sanitario para cos veciños desta Cidade, ten interese en participar no programa de prevención fronte as pragas urbanas que o Concello realiza no resto da cidade.

Por todo elo, a Concellería de Sanidade e Consumo do Concello de Vigo e o consorcio da Zona Franca consideran necesario establecer un convenio que permita armonizar e optimizar os medios utilizados na loita contra as pragas urbanas, que será rexido polas seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.

O obxecto do presente convenio é establece-los termos e condicións da colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da zona Franca, para desenrolar todas as medidas necesarias de control das pragas urbanas nos terreos do citado consorcio, coordinando as mesmas coas que se veñen utilizando por parte do Parque de Desinfección no resto da cidade.

Segunda.

A Concellería de Sanidade e Consumo, a través dos seus distintos Departamentos e Servicios, comprométese a realización dos seguintes cometidos:

Desratización dos terreos do Consorcio Zona Franca en Vigo incluíndo estes no programa establecido para o resto da Cidade.

Desratización e desinfección das instalacións do Consorcio da Zona Franca, incluíndo:

Museo do Mar.

Centro de servicios do Polígono da Granxa (Porriño)

*Centro de Iniciativas Empresarial” Fernando Conde Montero- Ríos”
(Porriño).*

Así mesmo incorpóranse este ano as instalacións da E.T.E.A. e antiga CAMPSA.

Terceira.

As datas e horarios de realización dos distintos tratamentos fixaranse conxuntamente, en función dos protocolos e da dispoñibilidade de medios dos respectivos servicios, tanto Municipais como do Consorcio da Zona Franca.

Cuarta.

Antes do inicio dos tratamentos o responsable do Parque e Servizo de Desinfección Municipal ou do Laboratorio Municipal entregará, por escrito, as recomendacións e normas de seguridade precisas para lograr unha maior efectividade dos mesmos e para evitar calquera tipo de risco.

Deberá dispoñer por escrito dun protocolo de traballo que especifique tanto os riscos que implica o uso de cada produto, como das medidas de prevención a seguir (prazos de seguridade, condicións de aplicación, tratamento en caso de intoxicación e antídotos, etc.)

Quinta.

O responsable ou técnicos do Servizo de Desinfección Municipal ou Laboratorio Municipal, entregará os certificados correspondentes os traballos realizados o remate dos mesmos, e de non ser posible nese momento, nun prazo inferior a quince días naturais dende a data de remate.

Sexta.

O Concello de Vigo se compromete a axustarse en todo momento, e de maneira estricta, a normativa legal aplicable o obxecto deste Contrato e de informar o Consorcio de calquera variación que se afecte.

Sétima.

Así mesmo o Consorcio da Zona Franca aportará anualmente a cantidade de treinta e unha mil quinientos oitenta e catro euros (31.584 €.), IVE incluído, destinados o Laboratorio Municipal.

O pago se realizará mediante ingreso na conta do Concello antes do 30 de xuño de cada ano.

Oitava.

O presente convenio terá unha vixencia de dous anos, contados a partir do día da sinatura do convenio inicial, por tanto remata o vintese de Xuño do 2006..

Novena.

O Concello e o Consorcio da Zona Franca non asumen ningún outro compromiso máis que os recollidos no presente convenio.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado e a un solo efecto o presente convenio no lugar e data indicados.

40.(1396)- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA ADQUISICIÓN DE CÁMARAS FRIGORÍFICAS PARA O PARQUE DAS CIENCIAS VIGO ZOO. Expte. 83/04.

A Xunta de Goberno, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 26.10.04 e o acordo do Consello de Administración do Parque das Ciencias Vigo Zoo do 29.10.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o proxecto de modificación de crédito nº ·3/04: Crédito extraordinario para a adquisición de cámaras frigoríficas sobre a partida presupostaria 4523.623.0000. “Adquisición de cámaras frigoríficas” por un importe de 29.900,00 €.

41(1397).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.